

VI432A

# Axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

**Procedemento dirixido a:** Cidadáns, Empresas e profesionais

 **Convocatoria 2021 - Prazo pechado: 31/03/2021 00:00 - 30/04/2021 23:59**

COVID-19: apoio aos sectores afectados

Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

## Sobre o procedemento

### Obxecto

1. Esta resolución ten por obxecto convocar para o ano 2021 os seguintes programas de axudas ao alugamento de vivendas do Plan estatal de vivenda 2018-2021 (en diante, Plan2018-2021), que se tramitarán co código de procedemento VI432A:

a) Liña A, axudas ao alugamento de vivenda: a súa finalidade é facilitar o desfrute dunha vivenda en réxime de alugamento a sectores de poboación con escasos medios económicos, mediante a concesión de axudas directas ás persoas inquilinas.

b) Liña B, axudas á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente: a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos con escasos medios económicos, mediante o outorgamento de axudas directas ás persoas inquilinas.

2. A concesión das axudas recollidas nesta resolución tramitarase polo procedemento de concorrencia competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Bases reguladoras.

As bases reguladoras das axudas obxecto desta convocatoria están recollidas na Orde do 2 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, con carácter plurianual, publicada no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG) núm. 172, do 11 de setembro de 2019, modificada pola Orde do 17 de abril de 2020 (DOG núm. 77, do 22 de abril).

En todo o non recollido nesta resolución e nas bases reguladoras aplicarase o disposto no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan 2018-2021; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto 11 /2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Duración das axudas e retroactividade das axudas.

As axudas de ambas as dúas liñas concederanse por un prazo máximo dun ano e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2021, data de remate da vixencia do Plan 2018-2021.

De conformidade co previsto no artigo 9 das bases reguladoras, estas axudas terán carácter retroactivo nos seguintes termos:

- Naqueles casos en que se dispoña dun contrato con efectos económicos anteriores ao 1 de xaneiro de 2021, a axuda terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2021.
- Para os contratos asinados entre o 1 de xaneiro de 2021 e a data de presentación da solicitude, a axuda terá efectos desde a data en que comecen os efectos económicos do contrato.

### A quen vai dirixido?

- Liña A, as persoas físicas maiores de idade.
- Liña B, as persoas físicas maiores de idade que non cumprisen os 35 anos na data de presentación da solicitude.

### A onde acudir

Xunta de Galicia Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas  
Departamento Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de A  
Coruña  
Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo da Coruña

Praza de Luis Seoane, s/n

15008 Coruña, A (Coruña, A)

Teléfono: 012

Xunta de Galicia Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas  
Departamento Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de Lugo  
Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Lugo

Avda. Ramón Ferreiro 28

27071 Lugo (Lugo)

Teléfono: 012

Xunta de Galicia Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas  
Departamento Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de  
Ourense  
Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Ourense

Rúa Sáenz Díez, 1

32071 Ourense (Ourense)

Teléfono: 012

Xunta de Galicia Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas  
Departamento Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de  
Pontevedra  
Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Pontevedra

Rúa Alcalde Hevia 7

36071 Pontevedra (Pontevedra)

Teléfono: 012

Xunta de Galicia Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas  
Departamento Territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de  
Pontevedra  
Área Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo de Pontevedra

Praza da Estrela, s/n

36201 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: 012

### Órgano responsable

Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS)

### Requisitos e documentación

PROCESO DE SOLICITUDE

É obrigatorio que no proceso de achega de documentación se inclúan como arquivos adxuntos os que se cita a continuación. En caso contrario a solicitude quedará automaticamente inadmitida (artigo 15.2 da Orde do 2 de agosto de 2019):

- Contrato de alugamento de vivenda, cunha duración mínima dun ano, con mención expresa da referencia catastral
- Xustificante de empadramento conxunto de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia (expedido nos 3 meses anteriores)
- Anexo II, no caso de que a unidade de convivencia estea integrada por máis dunha persoa

## Prazo

Prazo de presentación: PECHADO

31/03/2021 00:00 - 30/04/2021 23:59

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

## Requisitos

1. Poderán ser beneficiarias das axudas da liña A, axudas ao alugamento de vivenda, as persoas físicas maiores de idade que na data da presentación da solicitude cumpran os seguintes requisitos:
  - a) Ter a nacionalidade española ou residir legalmente en España, no caso das persoas estranxeiras.
  - b) Ser titulares, en condición de persoa inquilina, dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano, con mención expresa da súa referencia catastral, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, e cuxos efectos económicos sexan anteriores ao último día de prazo de presentación de solicitudes.
  - c) Que a vivenda arrendada constitúa a súa residencia habitual e permanente, así como da súa unidade de convivencia durante todo o período polo que se conceda a axuda. Para estes efectos, tanto a persoa beneficiaria como as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia deben constar empadroadas na vivenda obxecto do contrato de alugamento na data da presentación da solicitude.
  - d) Que a renda mensual da vivenda alugada non supere os importes establecidos no artigo 10 das bases reguladoras.

e) Que os ingresos das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM). Este límite será de catro veces o IPREM se a unidade de convivencia é unha familia numerosa de categoría xeral ou ten persoas cunha discapacidade distinta das sinaladas a continuación. O límite será de cinco veces o IPREM cando a unidade de convivencia sexa unha familia numerosa de categoría especial ou teña persoas con algún dos seguintes tipos de discapacidade:

i) Parálise cerebral, enfermidade mental, discapacidade intelectual ou discapacidade do desenvolvemento, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

ii) Discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

f) Que os ingresos mínimos da unidade de convivencia non sexan inferiores a 0,7 veces o IPREM. Para o cómputo destes ingresos non serán de aplicación os coeficientes multiplicadores previstos no artigo 12.4 das bases reguladoras.

2. Poderán ser beneficiarias das axudas da liña B, axudas á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, as persoas físicas maiores de idade que non teñan feitos os 35 anos na data de presentación da solicitude e cumpran o resto de requisitos sinalados no número 1 deste punto.

3. Non se poderá conceder a axuda cando a persoa solicitante ou algunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia se atope nalgunha das situacións que a continuación se indican:

a) Ser propietario ou usufrutuário dalgunha vivenda en España. Para estes efectos, non se considerará que se posúe a propiedade ou o usufruto dunha vivenda se o dereito recae unicamente sobre unha parte alícuota desta e se obtivo por herdanza ou transmisión mortis causa sen testamento. Exceptuaranse deste requisito as persoas que, sendo titulares dunha vivenda, acrediten a non dispoñibilidade dela por causa de separación, divorcio ou por calquera outra causa allea á súa vontade ou cando a vivenda resulte inaccesible por razón de discapacidade da persoa solicitante ou dalgún membro da súa unidade de convivencia.

b) Ter parentesco en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou de afinidade coa persoa arrendadora da vivenda.

c) Ser socia ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.

d) Ser inquilina dunha vivenda xestionada polo IGVS ou por calquera Administración pública.

e) Ter sido beneficiaria das axudas de calquera das dúas liñas deste programa ao abeiro de convocatorias anteriores realizadas con financiamento do Plan 2018-2021. Exceptúanse deste suposto as persoas que xa non forman parte da unidade de convivencia da persoa beneficiaria da axuda.

f) Non atoparse ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

g) Estar incurso nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e/ou no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como ser obxecto dunha resolución de revogación ou reintegro dunha axuda deste plan de vivenda ou doutro anterior, por causa imputable a algunha das persoas integrantes da unidade de convivencia.

## Documentación para a presentación

Solicitudes.

1. A solicitude realizarase mediante a presentación do formulario, debidamente cuberto, que se incorpora como anexo I a esta resolución e deberá dirixirse ao IGVS.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e na páxina web do IGVS, (<http://igvs.xunta.gal/web/igvs/portada>). Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. No modelo de solicitude constan como de obrigada consignación varios campos, os cales deben estar cubertos no momento da súa presentación. Aquelas solicitudes que sexan presentadas sen cubrir os citados campos obrigatorios non serán admitidas a trámite.

5. No modelo de solicitude, a persoa solicitante realizará as seguintes declaracións:

a) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales e a súa contía.

b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que lle sexa concedida á persoa solicitante ou a calquera das persoas integrantes da súa unidade de convivencia para a mesma finalidade.

c) Declaración responsable de que a persoa solicitante é titular dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, situado nun concello de Galicia e que a vivenda obxecto do contrato constitúe o seu domicilio habitual e permanente.

- d) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é propietaria ou usufrutuaria dunha vivenda situada no territorio nacional, agás os supostos exceptuados no artigo 7.3.a) das bases reguladoras.
- e) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia ten parentesco por consanguinidade, adopción ou afinidade, ata o segundo grao, coa persoa arrendadora.
- f) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é socia ou partícipe da persoa física ou xurídica que actúe como arrendadora.
- g) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia é inquilina de vivendas xestionadas polo IGVS ou por calquera Administración pública.
- h) Declaración responsable de que nin á persoa solicitante nin a ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia se lle revogou ou foi obxecto dunha resolución de reintegro dunha axuda, deste plan de vivenda ou doutro anterior por causa que lle sexa imputable.
- i) Declaración responsable de que a persoa solicitante ou algunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia non foi beneficiaria das axudas de calquera das dúas liñas deste programa ao abeiro de convocatorias anteriores realizadas con financiamento do Plan 2018-2021, agás o suposto exceptuado no artigo 7.3.e) das bases reguladoras.
- j) Declaración responsable de que nin a persoa solicitante nin ningunha outra persoa integrante da súa unidade de convivencia está incurso en algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- k) Declaración responsable de que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- l) Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son certos.

Documentación complementaria.

1. Coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

- a) De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da persoa solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servicios/modelos-xenericos>.

b) Contrato de alugamento da vivenda, cunha duración mínima dun ano, con mención expresa da súa referencia catastral, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

c) Xustificante de empadramento conxunto de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia, expedido dentro dos tres meses anteriores á data da presentación da solicitude. As persoas integrantes desta unidade de convivencia deben constar empadroadas na vivenda obxecto do contrato de alugamento na data da presentación da solicitude.

d) Anexo II, de declaración responsable das persoas integrantes da unidade de convivencia da persoa solicitante e comprobación dos datos necesarios para a tramitación do procedemento, no caso de que a unidade de convivencia estea integrada por máis dunha persoa.

No caso de que unha unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar, deberase cubrir un modelo de anexo II por cada unha delas.

e) Documentación xustificativa dos ingresos percibidos pola unidade de convivencia, no caso de non presentar declaración do IRPF ou percibir algunha das rendas exentas previstas no artigo 7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, acompañado da seguinte documentación:

– Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.

– Certificado de pensións ou prestacións periódicas, emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo INSS.

– Certificados bancarios de rendementos do capital mobiliario.

– Certificado da contía percibida pola renda de integración social de Galicia.

f) No caso de ingresos obtidos no estranxeiro, copia da declaración similar á do IRPF, autenticada pola correspondente delegación consular e, de ser o caso, o certificado acreditativo de equivalencia en euros do importe declarado.

g) De ser o caso, convenio regulador de nulidade, separación ou divorcio, ou sentenza que acredite que a persoa solicitante non ten o uso da vivenda familiar, así como a documentación acreditativa de estar ao día no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias, se for o caso, no caso das persoas separadas ou divorciadas.

h) No caso de familias numerosas, título de familia numerosa, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia.

i) Certificado de discapacidade da persoa solicitante e/ou das persoas que integran a súa unidade de convivencia, no suposto de tratarse dun documento non expedido pola Xunta de Galicia.

2. As solicitudes que no momento da súa presentación non vaian acompañadas dos documentos sinalados nas letras b), c) e d) do número 1 deste ordinal quedarán automaticamente inadmitidas.

3. Aquelas persoas que na solicitude indiquen que pertencen a algún dos colectivos preferentes especificados no artigo 12.5 das bases reguladoras deberán achegar a documentación xustificativa da circunstancia que lles é de aplicación, soamente cando lles sexa requirida pola Administración no caso de empate na puntuación que resulta da fórmula prevista no artigo 12 destas bases reguladoras.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

5. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica. Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

7. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Comprobación de datos.

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou, de ser o caso, número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE) da persoa solicitante e, de ser o caso, da súa persoa representante, así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia.
- b) Número de identificación fiscal da entidade representante da persoa solicitante.
- c) Certificado de empadramento da persoa solicitante, así como das persoas que integran a unidade de convivencia.
- d) Certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT), da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, correspondentes á persoa solicitante e ás persoas que integran a unidade de convivencia.
- e) Certificado da renda expedido pola AEAT, da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia, correspondente aos datos fiscais que se establezan en cada convocatoria.
- f) Certificado do nivel de renda expedido pola AEAT, da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia, correspondente aos datos fiscais que se establezan en cada convocatoria.
- g) Datos catastrais correspondentes á persoa solicitante e ás persoas que integran a súa unidade de convivencia.
- h) Certificación de titularidade de bens inmobles da Dirección Xeral do Catastro, onde conste que nin a persoa solicitante nin ningunha das persoas integrantes da unidade de convivencia teñen en usufruto ou en propiedade outra vivenda en territorio español.
- i) Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, incapacidade temporal e maternidade do Instituto Nacional da Seguridade Social, da persoa solicitante, así como das persoas que integran a súa unidade de convivencia.
- j) Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia, da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia.
- k) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas da persoa solicitante e dos restantes membros da unidade de convivencia que figuren no anexo II.
- l) Consulta de concesións de subvencións e axudas da persoa solicitante e dos restantes membros da unidade de convivencia que figuren no anexo II.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitud que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- m) Permiso de residencia legal da persoa solicitante, cando sexa estranxeira.
- n) Certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- o) Importes das prestacións de desemprego percibidos pola persoa solicitante, así como polas persoas que integran a súa unidade de convivencia.
- p) Título autonómico de familia numerosa da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia.
- q) Certificado acreditativo da discapacidade, da persoa solicitante e das persoas que integran a súa unidade de convivencia, para o suposto de que o documento deba ser expedido pola Xunta de Galicia.

2. No caso de que a persoa solicitante, calquera das persoas que integran a súa unidade de convivencia e/ou a persoa arrendadora se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado nos anexos I e II, respectivamente, e achegar os devanditos documentos. Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## Anexos asociados

### Fase de Solicitud

- Declaración das persoas integrantes da unidade de convivencia da persoa solicitante e comprobación de datos (Anexo II)
- Solicitud (Anexo I)

Despois de presentar

## Resolución

Prazo de resolución:

Cinco meses

Sentido do silencio:

Negativo

Unha vez presentado este trámite pode consultar o seu expediente en "A miña sede"

## Normativa

### Normativa

- **ÁmbitoAutonómico**

- Orde do 2 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, con carácter plurianual (DOG nº 172 do 11 de setembro de 2019).

Ligazón á normativa

- Orde do 17 de abril de 2020 pola que se modifica a Orde do 2 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, con carácter plurianual (códigos de procedemento VI432A e VI432B) (DOG nº 77 do 22 de abril de 2020).

Ligazón á normativa

- Resolución do 5 de marzo de 2021 pola que se convocan as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 para o ano 2021 (DOG nº 60 do 30 de marzo de 2021).

Ligazón á normativa

- Extracto da Resolución do 5 de marzo de 2021 pola que se convocan as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 para o ano 2021 (DOG nº 60 do 30 de marzo de 2021).

Ligazón á normativa

- Resolución do 22 de setembro de 2021 pola que se amplía a dotación orzamentaria da convocatoria de 2021 das axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 (DOG nº 190 do 1 de outubro de 2021).

Ligazón á normativa

- Resolución do 8 de febreiro de 2022 pola que se notifican as resolucións de denegación e inadmisión das solicitudes das axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021 para o ano 2021 (DOG nº 31 do 15 de febreiro de 2022).

Ligazón á normativa

- Resolución do 12 de abril de 2022 pola que se dá publicidade á relación das persoas ou entidades beneficiarias de varios programas de axudas concedidas ao abeiro das convocatorias para o ano 2021 (DOG nº 79 do 26 de abril de 2022).

Ligazón á normativa

- **Ámbito Estatal**

- Extracto da Orde do 2 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019, con carácter plurianual (DOG nº 172 do 11 de setembro de 2019).

Ligazón á normativa

- Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021 (BOE nº 61 de 10 de marzo de 2018).

Ligazón á normativa